



RESOLUCIÓN

Expediente: 2022/EGFAB/000178

I.- Segundo a lexislación vixente en materia de lingua tanto a Constitución española, como a Lei 3/1983 de normalización lingüística e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia recollen a obriga das administracións locais no proceso de normalización lingüística.

Así mesmo, o Estatuto de autonomía de Galicia recolle que as administracións locais teñen atribuídas competencias en materia de lingua galega, correspondéndolle garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciando o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

O novo informe da Real Academia Galega (RAG) sobre *Lingua e sociedade en Galicia 1992-2016* insiste na perda progresiva de galegofalantes, especialmente entre a xente máis nova.

II.- O Servizo de Normalización Lingüística municipal ten como obxectivos principais promover o uso da lingua e facilitar espazos de uso, así como organizar actividades para conseguir os ditos obxectivos.

Desde o ano 2014 organizamos o Premio Literario Descubrindo Oleiros, unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio.

III.- Esta proposta busca poñer en común dúas cuestións: o interese pola escritura e dar a coñecer Oleiros e a súa contorna como lenzo para obras literarias e feitos históricos.

Obxectivos

- Animar a escribir e ler en galego.
- Fomentar a creatividade.
- Implicar os veciños e veciñas para que coñezan os nosos recantos.
- Descubrir Oleiros como fondo para a literatura e os relatos e outros feitos históricos.

II. A técnica de normalización lingüística do Concello emitíu informe en data 30 de novembro de 2022 no que se recollen estas circunstancias e se propón a aprobación da convocatoria do Premio sinalado.

III. O expediente foi informado favorablemente pola responsable da Unidade Xurídica da área o 02/12/2022, e polo Interventor Municipal o 07/12/2022.

Polo exposto, en virtude das facultades que me atribúe o artigo 3 da “Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros”,



RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria do IX Premio Literario Descubrindo Oleiros, por un importe de 1.600,00 euros, e autorizar o gasto por este importe para tal fin.

Segundo.- Aprobar as Bases que rexerán o concurso, que son as seguintes:

“Bases do IX Premio Literario Descubrindo Oleiros

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros convoca o Premio Literario Descubrindo Oleiros, unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio.

1. Participantes

Poderán concorrer a este premio todos os rapaces e rapazas de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria e de ESO, mozas e mozos de 16 e 17 anos e persoas maiores de 18 anos empadroados/as ou escolarizados/as no Concello de Oleiros e sempre que os relatos presentados se axusten ao especificado nestas bases.

Establécense seis categorías:

- *Categoría 1: alumnado de 3º e 4º de primaria*
- *Categoría 2: alumnado de 5º e 6º de primaria*
- *Categoría 3: alumnado de 1º e 2º de ESO*
- *Categoría 4: alumnado de 3º e 4º de ESO*
- *Categoría 5: mozas e mozos de 16 e 17 anos*
- *Categoría 6: persoas maiores de 18 anos*

2. Obras: temática e formato

Os relatos estarán ambientados necesariamente en Oleiros e escritos en lingua galega. Deben ser inéditos e que non fosen premiados en ningún outro concurso e non estean pendentes de fallo noutros premios. Presentaranse co título orixinal e un pseudónimo, sen ningún dato que revele a identidade do autor ou autora.

Os textos que concorran ao concurso presentaranse manuscritos ou mecanografados, perfectamente lexibles, escritos a unha soa cara e cunha extensión de 1 a 3 páxinas en A4, no caso das catro primeiras categorías e que non supere as 6 páxinas, no caso da 5ª e da 6ª categoría, fonte Arial 12, a dobre espazo, que poderán partir ou ir acompañados de fotografías, debuxos, ilustracións ou calquera imaxe do concello que poida ser suxerente para o autor ou autora.

3. Documentación a presentar

Os traballos presentaranse nun sobre grande co título do relato e a categoría á que se presenta; no interior, ademais do texto, incluírase dentro un sobre pequeno pechado, que só teña escrito o título da obra no reverso. O sobre pequeno conterá no seu interior unha breve nota biográfica do autor ou autora (nome e apelidos, enderezo, teléfono, enderezo





electrónico, curso e centro educativo ao que pertence e datos da nai, pai ou titor/a legal no caso de ser menor de idade) e a fotocopia do documento acreditativo de identidade (fotocopia do DNI, pasaporte ou documento de identidade equivalente no caso de telo) e no caso de participantes menores de idade, tamén se deberá engadir a fotocopia do documento acreditativo de identidade da nai, pai ou titor/a legal e do Libro de familia.

4. Lugar e prazo de presentación

a) Lugar:

A obra acompañada polo sobre presentarase do seguinte xeito:

- *No caso de obras que concorran ás categorías 1 a 5, poderán ser entregadas en cada centro de ensino (que as entregará ao SNL ao remate do prazo) ou ben no rexistro de entrada sito no edificio A Fábrica; rúa do Inglés, nº 13; 15172, Perillo, Oleiros, dirixirse ao Servizo de Normalización Lingüística.*
- *No caso de obras que concorran á categoría 6 (persoas adultas), deberán presentarse en todo caso no rexistro de entrada devandito.*

b) O prazo de presentación será dun mes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

5. Constitución do xurado e resolución

O xurado estará formado por persoal do Concello relacionado coa cultura, a literatura e a lingua e poderán contar co apoio de persoas especializadas.

Presidenta: concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística

Secretaria: técnica de normalización lingüística

Vogais: unha persoa especializada en Lingua e Literatura Galega

Todas elas terán voz e voto.

O concurso resolverase no prazo máximo de dous meses desde que remate o prazo de presentación de obras.

Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que as autoras ou autores así o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous meses a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren serán destruídos.

6. Premio

Outorgarase un premio por cada categoría e os eventuais accésits que se poidan conceder, ata un máximo de dous. Os premios que se concedan serán bonos de 200 euros para comprar en comercios seleccionados de Oleiros que fomenten a lectura, a creatividade e a cultura galega.



Os premios serán outorgados pola concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística.

7. Publicación

O Concello de Oleiros resérvase o dereito de difusión, reprodución e publicación dos relatos gañadores, citando sempre a autoría de cada un deles. Neste sentido os/as autores/as renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría.

As obras premiadas, así como os posibles accésits, serán publicadas nun libro que se lle entregará tanto ás persoas gañadoras como aos centros educativos participantes.

8. Aceptación das bases

A presentación a este concurso literario supón a aceptación das presentes bases.

9. Protección de datos

De conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPDGDD) en concordancia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación da súa obra, ou os pais, nais e titores/as legais no caso de menores, serán tratados co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Así mesmo, os nomes das persoas gañadoras serán publicados na páxina web municipal e incorporados na Base de Datos Nacional de Subvencións.

No caso de querer rectificar ou cancelar os ditos datos poderanse poñer en contacto co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa do Inglés, 13, Perillo, CP 15172 Oleiros."

ANEXO

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NO IX PREMIO LITERARIO DESCUBRINDO OLEIROS

A.- TÍTULO DA OBRA

B.- DATOS PERSOAIS DA/O PARTICIPANTE

APELIDOS E NOME _____

DATA DE NACEMENTO: _____ NIF _____ TELÉFONO _____

ENDEREZO _____





CONCELLO DE
OLEIROS

>> CULTURA E NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

LOCALIDADE _____ CÓDIGO POSTAL _____
ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

C.- DATOS DA/O REPRESENTANTE (en caso de menores):

(A persoa representante constará como beneficiaria para os efectos tributarios no caso de recibir algún premio).

APELIDOS E NOME _____
NIF _____ TELÉFONO _____
RELACIÓN COA PERSOA SOLICITANTE _____
ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

D.- DECLARACIÓN

A persoa interesada, no caso de ser maior de idade, ou o/a representante legal, se é o caso, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesta, baixo a súa responsabilidade:

1. Que coñece e acepta todo o recollido nas bases do certame.
2. Que acepta e autoriza a súa participación no certame ou a da persoa menor de idade que legalmente representa.
3. Que autoriza a publicación da obra presentada xunto co nome da autora ou autor nas diferentes publicacións que se fagan, na páxina web e nas redes sociais do Concello de Oleiros.

_____, a _____ de _____ de 20 ____

(Sinatura da persoa participante ou do/da representante legal, no caso de ser menor de idade)

Xunto con esta ficha, cuberta e asinada, debe achegarse a seguinte documentación:

- Copia do DNI da persoa participante e do/da representante legal, se for o caso.
- Copia do Libro de familia ou outra documentación que acredite a representación (só no caso das persoas menores de idade).

PROTECCIÓN DE DATOS: O Concello de Oleiros, en cumprimento do deber de informar establecido na Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPDGDD) en concordancia co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante RGPD) e



demais normativa concordante sobre a materia informa:

Os datos achegados por vostede neste formulario serán utilizados exclusivamente co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. Advertímoslle que para a dita tramitación é imprescindible o traslado dos seus datos á Base de Datos Nacional de Subvencións, e a outras Administracións públicas en cumprimento de obrigas legais de información, de acordo coa normativa vixente. Así mesmo, os nomes das persoas gañadoras serán publicados na páxina web municipal e poderán ser publicados nos demais medios de comunicación do Concello.

No caso de querer rectificar ou cancelar os ditos datos poderanse poñer en contacto co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Oleiros mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: rúa do Inglés, 13, Perillo, CP 15172 Oleiros

Os datos serán almacenados durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigacións legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

É responsable dos datos o Concello de Oleiros, con enderezo en Praza de Galicia, 1, 15173 Oleiros, e teléfono 981 610 000; enderezo electrónico: alcaldia@oleiros.org

Terceiro.- Dar publicidade á presente convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a través da BDNS. Asemade, publicala na páxina web municipal e enviala aos centros de ensino.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

